

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA CUBERTA PARA O PATIO INFANTIL DO CEIP PLURILINGÜE MANUEL SIEIRO.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou co concello de Crecente o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento da colaboración necesaria entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Crecente para o acondicionamento do patio infantil do CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro coa construción dunha cuberta que permita o seu uso polos/as nenos/as cando choiva de xeito que poidan saír a xogar ao exterior e facer uso do areeiro que se atopa no mesmo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



**Primeiro.-** As administracións das comunidades autónomas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

**Segundo.-** Segundo o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A colaboración entenderase como o deber de todas as administracións públicas de ponderar e respectar, nas súas respectivas actuacións, a totalidade dos intereses públicos implicados, así como, no traballo en común para a solución daqueles problemas que puidesen exporse máis alá do concreto reparto competencial.

**Terceiro.-** o artigos 25.2.n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, *"participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial"*. Estas competencias asúmense pola Comunidade Autónoma de Galicia, respecto dos municipios do seu ámbito territorial, en virtude da letra ñ) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo.

As disposicións adicionais primeira e cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, dispoñen que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta da Lei 27/2013, do 27 de decembro. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da citada Lei 27/2013, do 27 de decembro, continuarán prestándose polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa



básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma.

Así mesmo, a disposición adicional décimo quinta, apartado 4, da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina que os municipios cooperarán coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a adaptación ou construción dos centros docentes.

**Cuarto.-** A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en harmonía co artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten as atribucións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

**Quinto.-** Co fin de materializar a cooperación para potenciar o desenvolvemento do sistema educativo galego, en especial no que atinxe á comunidade escolar da entidade local, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e o Concello de Crecente, acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a construción dunha cuberta para o patio infantil do CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro.

O proxecto consiste na construción dunha cuberta para o patio destinado ao alumnado de infantil. Este patio que usan nos recreos e onde se localiza un areeiro de xogos non dispón de cuberta, de xeito que se fai moito frío ou está chovendo non poden saír a xogar ao exterior, o que sucede en moitas ocasións durante o inverno.

É coñecido que resulta necesario que os/as nenos/as teñan o seu tempo e o seu espazo de xogo exterior e esta circunstancia veuse, se cabe, máis necesaria polas restricións que se tiveron que poñer en práctica pola pandemia provocada pola COVID-19.

Para isto propónse executar unha nova estrutura no patio infantil co obxecto de dotalo dunha cuberta que permita o uso deste espazo baixo condicións de choiva e frío.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Crecente unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificultan a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

